

ORDENANZA FISCAL Nº T29, REGULADORA DA TAXA POR ESTACIONAMENTO
DE VEHICULOS EN ZONA DE APARCAMENTO LIMITADO (ZONA ORA)

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. este Concello establece a ordenanza fiscal reguladora das taxas por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do citado Real Decreto.

ARTIGO 2. FEITO IMPONIBLE.

Constituirá o feito imponible desta taxa a utilización dos espazos de estacionamento incluídos no ámbito de aplicación da ordenanza do servizo público de ordenación e regulación do aparcamento (ORA).

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.

Será suxeito pasivo contribuínte as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se retire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro. Xeral Tributaria, que utilicen os espazos de aparcamento incluídos no ámbito de aplicación da ORA. En todo caso presumirase que o feito imponible foi realizado por quen apareza como titular do vehículo nun rexistro de carácter fiscal ou noutros de carácter público.

ARTIGO 4. COTAS.

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

Duración Tarifa.....	euros
Menos de 30 minutos	0,20
De 30 minutos a menos de 60 minutos	0,40
De 60 minutos a menos de 75 minutos	0,60
De 75 minutos a menos de 90 minutos	0,80
De 90 minutos a menos de 120 minutos	1,00

ARTIGO 5. DEVENGO E PAGAMENTO.

As taxas reguladas nesta ordenanza devenganse no intre de efectua-lo estacionamento na zona de aplicación da ORA. As cotas serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados no artigo anterior.

O pagamento farase mediante a obtención dun ticket nos aparatos expendedores que deberá ser colocado nun lugar visible no interior do parabrisas dianteiro.

ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como a imposición das sancións correspondentes en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003. de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 7. RESPONSABLES.

- Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION DERRADEIRA.

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación en Sesión celebrada o día de 17 de xaneiro de 2011, comezará a aplicarse o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA: a presente ordenanza foi aprobada por acordo plenario de 17 de xaneiro de 2011 e publicada no BOP 231 de 8 de outubro de 2011.